



Boletín Informativo

Consellería de Educación e
 Ordenación Universitaria

Edif. Admin. San Caetano s/n
 15781
 Santiago de Compostela

Correo: boletin@edu.xunta.es

PALE 2008-PROCESO DE SELECCIÓN DE 150 PROFESORES/AS

Convocatoria para a selección do profesorado participante no Programa de Apoio ao Ensino e Aprendizaxe de Linguas Estranxeiras, PALE, itinerario A, para o ano 2008. Programa cofinanciado polo Ministerio de

Educación y Ciencia.

Máis información no web de linguas estranxeiras.

[Acceso](#)



AVALIACIÓN NA EDUCACIÓN PRIMARIA

No portal educativo da Consellería de Educación pódese atopar a Orde do 23 de novembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación primaria na Comunidade Autónoma de

Galicia (en trámite).

[Acceso](#)



ACCESIBILIDADE NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

No BOE n° 279 do mércores 21 de novembro de 2007 sae publicado o Real Decreto 1494/2007, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento so-

bre as condicións básicas para o acceso das persoas con discapacidade ás tecnoloxías, produtos e servizos relacionados coa sociedade da información e me-

dios de comunicación social.

[Acceso](#)

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

No [DOG n° 227](#), do 23 de novembro, sae publicada a Resolución do 19 de novembro de 2007, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se anun-

cia a convocatoria para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que impartan ensinanzas regra-

das de niveis non universitarios, para o curso escolar 2007-2008.

Contido:

PALE 2008 - Proceso de selección de 150 profesores/as	1
Avaliación na educación primaria	1
Accesibilidade na sociedade da información	1
Convocatoria de axudas a proxectos de fomento do uso do galego	1
Concurso para a exposición das Letras Galegas 2008	2

CONCURSO PARA A EXPOSICIÓN DAS LETRAS GALEGAS 2008

A Secretaría Xeral de Política Lingüística, con motivo do Día das Letras Galegas, convoca un concurso para a elaboración dunha exposición sobre a obra, época e lingua do autor homenaxea-

do este ano, Xosé María Álvarez Blázquez, e/ou sobre a situación sociolingüística da etapa histórica en que viviu.

[Máis información](#)

